

PROCEDIMENTO	CT214A Concesión dos premios XXVII Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, XIII Manuel María de literatura dramática infantil e XVI Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, edición 2024
ASUNTO:	Resolución de concesión

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O 9 de xaneiro de 2024, DOG nº 6, publicouse a Resolución do 30 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, da convocatoria para a concesión dos premios XXVII Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, XIII Manuel María de literatura dramática infantil e XVI Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, edición 2024 (código de procedimento CT214A).
2. Segundo o establecido na base novena da convocatoria, por resolución da Dirección da Agadic do 8 de abril de 2024 de designación do xurado e da secretaria dos premios Álvaro Cunqueiro, Manuel María e Barriga Verde edición 2024, o xurado quedou constituído polos seguintes membros:
 - Fernando Castro Paredes (vogal)
 - Iván Fernández Diéguez (vogal)
 - Mariana Fernández Pérez (presidenta)
 - Daniel González Salgado (vogal)
 - Eva María Mejuto Rial (vogal)
 - María Gloria Torres Fernández (vogal)
3. Segundo a base cuarta da convocatoria, o 30.4.2024 remata o prazo de presentación de solicitudes, cun total de 111 orixinais presentados, que se relacionan no anexo I.
4. Como resultado das comprobacións da documentación e despois dos requisitos de emenda realizados, así como as comunicacións recibidas polas persoas solicitantes ao longo do procedemento, quedan fóra do proceso as solicitudes que se relacionan no anexo II e polas causas que se indican. Así mesmo, os orixinais correspondentes ás solicitudes que se relacionan no anexo III son os que o xurado da edición 2024 dos premios valora atendendo aos criterios establecidos na base décima da convocatoria, ao considerese que cumplen os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.
5. O 24.10.2024 reúñese o xurado para, despois das deliberacións oportunas, emitir o seu ditame, que queda reflectido na acta correspondente, que recolle, tal como se establece na base décima da convocatoria, a proposta de textos premiados, a puntuación de cada un dos criterios de valoración dos textos avaliados e a relación de orixinais avaliados por orde de prelación (anexo IV).
6. O 30.10.2024, a Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais, tras a instrución do procedemento, emite a proposta de resolución de concesión dos premios, con indicación, segundo o recollido na base décima da convocatoria, do títulos dos textos propostos, a autoría e o importe económico do premio correspondente, tal como se recolle no anexo V, e elévaa á Presidencia do Consello Reitor da Agadic.



CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

1. O órgano competente para resolver é a Presidencia do Consello Reitor da Agadic, segundo o recollido na báse décimo primeira da Resolución do 30 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, da convocatoria para a concesión dos premios XXVII Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, XIII Manuel María de literatura dramática infantil e XVI Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, edición 2024 (código de procedemento CT214A), que emitirá resolución definitiva no prazo de quince días dende a data de elevación da proposta de resolución.

Examinada a proposta de resolución da Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais e de conformidade con ela,

RESOLVO:

1. Inadmitir ou desistir as solicitudes que se relacionan no anexo II.
2. Conceder os premios, e polos importes que se indican, aos orixinais que se relacionan no anexo V.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte a Lei 4/2008 do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, poderanse interpoñer os seguintes recursos, sem prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no no prazo dun mês contado a partir do día seguinte ao da súa publicación nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de conformidade co establecido nos artigos 8.2.a) e 14 e 46 respectivamente, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Notifíquese a resolución ás persoas interesadas, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais

José Carlos López Campos



ANEXO I

RELACIÓN DE ORIXINAIS PRESENTADOS

XXVII Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais

exp.	título/lema
AC01	Cerva branca
AC02	A fiesta ateigada/Urco
AC03	A praza vella
AC04	Antinoo. Comedia amarga
AC05	Reunión familiar
AC06	Guerra
AC07	Requisitos para subir a un avión
AC08	Je vais à Santiago
AC09	Ás décadas
AC10	Todo baixo control/Doutor Cordotolo
AC11	A quimera dos corvos
AC12	Flores amarelas dos toxos verdes
AC13	O súper
AC14	Ninguén sae vivo de aquí
AC15	O negocio é a negación do ocio
AC16	A meirande árbore de nadal
AC17	Cando a Santa Compañía se revirou
AC18	Xulio César e Servilia – Escenas de amor
AC19	Prometemos amarnos
AC20	Océano/ Area
AC21	Carapucha Vermella e o Lobo Feroz/ Caravelo
AC22	A noria/ Paradisus: xardín circular
AC23	Na noite escura
AC24	Illas ausentes
AC25	Kintsugi Kiro
AC26	Corinto vip
AC27	A casa dos ratos
AC28	A orixe
AC29	Inmenses/Pretamente
AC30	Abismando
AC31	Herdanzas
AC32	O purgatorio de Xan Quinto
AC33	Eu tamén te quero, Sebastián
AC34	A finca
AC35	A filla do Corolo/ A feira das flores
AC36	A cabeza da Gorgona
AC37	Helilogábole ou os paxaros do emperador
AC38	Fanáticos
AC39	Incidencia muller pedra/Pandora no Mc' Donalds
AC40	Retrato dun elefante que hai días que non come/Aparta, Alexandre, que me tapas o sol
AC41	A peor hora do sol/ Cunchas de sangue
AC42	O ceo e o touro/Facundo
AC43	Bsanda ebé/ A espada de Deus
AC44	Os servizos prestados
AC45	A beleza faranos libres
AC46	Rosa (no alén)
AC47	Leccións de ximnasia rítmica/ Equipo
AC48	Cuncas dos nosos ollos
AC49	Contracorriente. Faíscas da revolución
AC50	Vigo
AC51	Leccións de comida rápida dende unha trinchreira nevada
AC52	Marea branca
AC53	Kairós de Prisciliano



AC54	Galimatías no asma
AC55	Un gato fiel
AC56	Bikini de cor naufraxio/ Versículos de mercurio
AC57	Que fas, papá?/ Dor maior
AC58	Antífona
AC59	Santa pode ser calquera
AC60	A memoria dos peixes/Nenúfar
AC61	Gasolina nas arterias
AC62	O Estouro
AC63	Rapsodia
AC64	Amor ei

XIII Premio Manuel María de literatura dramática infantil

exp.	título/lema
MM01	De meigas, princesas e fadas- "Unha traxicomedia moi apegada á terra"
MM02	Escachatoupas
MM03	Soños en branco e negro
MM04	Xoguetes e brinquedos
MM05	O carteiro de Ximaraos
MM06	Francia vs. España/ Solpor
MM07	Mensaxe nunha etiqueta
MM08	Amiga formiga
MM09	Operación bosque
MM10	O cantar das lembranzas
MM11	Unha noite de San Xoán na alameda de Compostela
MM12	O cantar dos grilos/Cri-cri-cri
MM13	Mexen as árbores o silencio verde
MM14	Babelia e o tataxán / Xacia
MM15	Smile revolution
MM16	E os niños encheron de barro as portas
MM17	Moito nos gusta o Jazz/ Summertime
MM18	A consulta dúa doutora Aurora Pasíflora
MM19	Os dedos e o monstro

XVI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques modalidade para rapaces

exp.	título/lema
BVI01	Crocodilos
BVI02	Do outro lado do espello
BVI03	Querería ser estrela para vivir un millón de anos!
BVI04	Onde habitan os medos
BVI05	A cantiga esquecida
BVI06	Cando chegou o Olláparo
BVI07	O xigante e a andoriña
BVI08	Un pote entre pipetas
BVI09	Misterios do mar
BVI10	Polo camiño das vieiras. Versión libre do marabiloso Mago de Oz
BVI11	Mou /Nube
BVI12	Camiño de Camariñas
BVI13	As do vento
BVI14	Made in Taiwán
BVI15	Frei Xoán sen coñado e a sopa de pedra
BVI16	Memorias dun piano
BVI17	Un maio de amigos/ Ái vén o maio
BVI18	A biblioteca misteriosa e a chave da realidade
BVI19	Manchea
BVI20	O ratiño dos cabelos



XVI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade adultos

exp.	título/lema
BVA01	Leonardo e Miguel Anxo no cárcere
BVA02	Coidad@
BVA03	O Faro
BVA04	O equinocio do Monte Pindo
BVA05	Cuncas, Cunqueiro e o Acolá/ Galiana
BVA06	Catueiro
BVA07	Doce simulacros
BVA08	A poesía non é cousa de francotiradores

ANEXO II

RELACIÓN DE ORIXINAIS FÓRA DO PROCESO

exp.	título/lema	
AC53	<i>Kairós de Prisciliano</i>	Desistida segundo a base cuarta do convocatoria
BVI13	<i>As do vento</i>	Desistida por solicitude de retirada do proceso
MM19	<i>Os dedos e o monstro</i>	Fóra do proceso por resultar premiado noutros concursos segundo a base terceira da convocatoria
AC44	<i>Os servizos prestados</i>	Fóra do proceso por resultar premiado noutros concursos segundo a base terceira da convocatoria

ANEXO III

RELACIÓN DE ORIXINAIS ADMITIDOS PARA VALORACIÓN

XXVII Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais

exp.	título/lema
AC01	Cerva branca
AC02	A fiesta ateigada/Urco
AC03	A praza vella
AC04	Antinoo. Comedia amarga
AC05	Reunión familiar
AC06	Guerra
AC07	Requisitos para subir a un avión
AC08	Je vais à Santiago
AC09	Ás décadas
AC10	Todo baixo control/Doutor Cordotolo
AC11	A quimera dos corvos
AC12	Flores amarelas dos toxos verdes
AC13	O súper
AC14	Ninguén sae vivo de aquí
AC15	O negocio é a negación do ocio
AC16	A meirande árbore de nadal
AC17	Cando a Santa Compañía se revirou
AC18	Xulio César e Servilia – Escenas de amor
AC19	Prometemos amarnos
AC20	Océano/ Area
AC21	Carapucha Vermella e o Lobo Feroz/ Caravelo
AC22	A noria/ Paradisus: xardín circular
AC23	Na noite escura
AC24	Illas ausentes



AC25	Kintsugi Kiro
AC26	Corinto vip
AC27	A casa dos ratos
AC28	A orixe
AC29	Inmenses/Pretamente
AC30	Abismando
AC31	Herdanzas
AC32	O purgatorio de Xan Quinto
AC33	Eu tamén te quero, Sebastián
AC34	A finca
AC35	A filla do Corolo/ A feira das flores
AC36	A cabeza da Gorgona
AC37	Heliogábolo ou os paxaros do emperador
AC38	Fanáticos
AC39	Incidencia muller pedra/Pandora no Mc' Donalds
AC40	Retrato dun elefante que hai días que non come/Aparta, Alexandre, que me tapas o sol
AC41	A peor hora do sol/ Cunchas de sangue
AC42	O ceo e o touro/Facundo
AC43	Bsanda ebé/ A espada de Deus
AC45	A beleza faranos libres
AC46	Rosa (no alén)
AC47	Leccións de ximnasia rítmica/ Equipo
AC48	Cuncas dos nosos ollos
AC49	Contracorrente. Faíscas da revolución
AC50	Vigo
AC51	Leccións de comida rápida dende unha trinchera nevada
AC52	Marea branca
AC54	Galimatías no asma
AC55	Un gato fiel
AC56	Bikini de cor naufraxio/ Versículos de mercurio
AC57	Que fas, papá?/ Dor maior
AC58	Antífona
AC59	Santa pode ser calquera
AC60	A memoria dos peixes/Nenúfar
AC61	Gasolina nas arterias
AC62	O Estouro
AC63	Rapsodia
AC64	Amor ei

XIII Premio Manuel María de literatura dramática infantil

exp.	título/lema
MM01	De meigas, princesas e fadas- "Unha traxicomedia moi apegada á terra"
MM02	Escachatoupas
MM03	Soños en branco e negro
MM04	Xoguetes e brinquedos
MM05	O carteiro de Ximaraos
MM06	Francia vs. España/ Solpor
MM07	Mensaxe nunha etiqueta
MM08	Amiga formiga
MM09	Operación bosque
MM10	O cantar das lembranzas
MM11	Unha noite de San Xoán na alameda de Compostela
MM12	O cantar dos grilos/Cri-cri-cri
MM13	Mexen as árbores o silencio verde
MM14	Babelia e o tataxán / Xacia
MM15	Smile revolution
MM16	E os niños encheron de barro as portas



MM17	Moito nos gusta o Jazz/ Summertime
MM18	A consulta da doutora Aurora Pasiflora

XVI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para rapaces

exp.	título/lema
BVI01	Crocodilos
BVI02	Do outro lado do espello
BVI03	Querería ser estrela para vivir un millón de anos!
BVI04	Onde habitan os medos
BVI05	A cantiga esquecida
BVI06	Cando chegou o Olláparo
BVI07	O xigante e a andoriña
BVI08	Un pote entre pipetas
BVI09	Misterios do mar
BVI10	Polo camiño das vieiras. Versión libre do marabiloso Mago de Oz
BVI11	Mou /Nube
BVI12	Camiño de Camariñas
BVI14	Made in Taiwán
BVI15	Frei Xoán sen coidado e a sopa de pedra
BVI16	Memorias dun piano
BVI17	Un maio de amigos/ Áí vén o maio
BVI18	A biblioteca misteriosa e a chave da realidade
BVI19	Manchea
BVI20	O ratiño dos cabelos

XVI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade adultos

exp.	título/lema
BVA01	Leonardo e Miguel Anxo no cárcere
BVA02	Coidad@
BVA03	O Faro
BVA04	O equinocio do Monte Pindo
BVA05	Cuncas, Cunqueiro e o Acolá/ Galiana
BVA06	Catueiro
BVA07	Doce simulacros
BVA08	A poesía non é cousa de francotiradores

ANEXO IV

RELACIÓN DE ORIXINAIS AVALIADOS POR ORDE DE PRELACIÓN

XXVII Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais

exp.	título/lema	total puntuación (60)
AC39	Incidencia muller pedra/Pandora no Mc'Donalds	51
AC25	Kintsugi Kiro	49
AC30	Abismando	45
AC57	Que fas, papá?/ Dor maior	44
AC09	Ás décadas	42
AC23	Na noite escura	42
AC24	Illas ausentes	42
AC55	Un gato fiel	42



AC40	Retrato dun elefante que hai días que non come/Aparta, Alexandre, que me tapas o sol	41
AC43	Bsanda ebé/A espada de Deus	41
AC10	Todo baixo control/Doutor Cordotolo	40
AC19	Prometemos amarnos	40
AC26	Corinto vip	40
AC29	Inmensas/Pretamente	40
AC32	O purgatorio de Xan Quinto	40
AC36	A cabeza da Gorgona	40
AC37	Heliogábolo ou os paxaros do emperador	40
AC50	Vigo	40
AC05	Reunión familiar	39
AC07	Requisitos para subir a un avión	38
AC22	A noria/ Paradisus: xardín circular	38
AC49	Contracorrente. Faíscas da revolución	38
AC59	Santa pode ser calquera	38
AC60	A memoria dos peixes/Nenúfar	38
AC63	Rapsodia	38
AC13	O súper	37
AC35	A filla do Corolo/ A feira das flores	37
AC20	Océano/ Area	36
AC46	Rosa (no alén)	36
AC61	Gasolina nas arterias	36
AC33	Eu tamén te quero, Sebastián	35
AC41	A peor hora do sol/ Cunchas de sangue	35
AC42	O ceo e o touro/Facundo	35
AC47	Leccións de ximnasia rítmica/ Equipo	35
AC03	A praza vella	34
AC38	Fanáticos	34
AC56	Bikini de cor naufraxio/ Versículos de mercurio	34
AC16	A meirande árbore de nadal	33
AC27	A casa dos ratos	33
AC11	A quimera dos corvos	32
AC14	Ninguén sae vivo de aquí	32
AC18	Xulio César e Servilia – Escenas de amor	32
AC48	Cuncas dos nosos ollos	32
AC52	Marea branca	32
AC58	Antífona	32
AC62	O Estouro	32
AC02	A fiestra ateigada/Urco	31
AC34	A finca	31
AC64	Amor ei	31
AC28	A orixe	29
AC08	Je vais à Santiago	28
AC21	Carapucha Vermella e o Lobo Feroz/ Caravelo	28
AC31	Herdanzas	28
AC45	A beleza faranos libres	28
AC01	Cerva branca	27
AC51	Leccións de comida rápida dende unha trinchera nevada	27
AC15	O negocio é a negación do ocio	26
AC06	Guerra	25
AC04	Antinoo. Comedia amarga	24
AC17	Cando a Santa Compañía se revirou	23
AC12	Flores amarelas dos toxos verdes	18
AC54	Galimatías no asma	18



XIII Premio Manuel María de literatura dramática infantil

exp.	título/lema	total puntuación (60)
MM05	O carteiro de Ximaraos	47
MM04	Xoguetes e brinquedos	44
MM07	Mensaxe nunha etiqueta	43
MM03	Soños en branco e negro	42
MM10	O cantar das lembranzas	42
MM02	Escachatoupas	41
MM14	Babela e o tataxán / Xacia	40
MM08	Amiga formiga	39
MM18	A consulta da doutora Aurora Pasiflora	38
MM12	O cantar dos grilos/Cri-cri-cri	36
MM17	Moito nos gusta o Jazz/ Summertime	36
MM15	Smile revolution	34
MM11	Unha noite de San Xoán na alameda de Compostela	33
MM09	Operación bosque	32
MM01	De meigas, princesas e fadas- "Unha traxicomedia moi apegada á terra"	31
MM13	Mexen as árbores o silencio verde	30
MM16	E os niños encheron de barro as portas	29
MM06	Francia vs. España/ Solpor	22

XVI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para rapaces

exp.	título/lema	total puntuación (60)
BVI19	Manchea	51
BVI08	Un pote entre pipetas	44
BVI11	Mou /Nube	43
BVI06	Cando chegou o Olláparo	42
BVI07	O xigante e a andoriña	42
BVI18	A biblioteca misteriosa e a chave da realidade	42
BVI02	Do outro lado do espello	40
BVI14	Made in Taiwán	40
BVI01	Crocodilos	39
BVI05	A cantiga esquecida	39
BVI17	Un maio de amigos/ Aí vén o maio	38
BVI16	Memorias dun piano	34
BVI20	O ratiño dos cabelos	34
BVI04	Onde habitan os medos	33
BVI03	Querería ser estrela para vivir un millón de anos!	32
BVI15	Frei Xoán sen coidado e a sopa de pedra	32
BVI10	Polo camiño das vieiras. Versión libre do marabiloso Mago de Oz	30
BVI12	Camiño de Camariñas	28
BVI09	Misterios do mar	23

XVI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade adultos

exp.	título/lema	total puntuación (60)
BVA03	O Faro	43
BVA05	Cuncas, Cunqueiro e o Acolá/ Galiana	38
BVA02	Coidad@	37
BVA06	Catueiro	35
BVA01	Leonardo e Miguel Anxo no cárcere	30
BVA07	Doce simulacros	28
BVA08	A poesía non é cousa de francotiradores	23
BVA04	O equinocio do Monte Pindo	15



ANEXO V

ORIXINAIS PREMIADOS

XXVII premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais

Obra: *Incidencia muller pedra* (expediente AC39)

Autor: Avelina Pérez Pérez

Importe: 8.000 euros

Puntuación obtida: 51

Concédense o Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2024 ao texto *Incidencia muller pedra*.

O xurado, por maioría, propón como gañadora o orixinal *Incidencia muller pedra/Pandora no Mc'Donalds*, un canto á liberdade do individuo, unha reflexión sobre o animal que levamos dentro, domesticado pola lei do home (ese home que perverte a natureza das cousas). A través dunha proposta dramatúrxica sinxela, baseada na acción verbal, preséntanos personaxes complexos, cheos de arestas, que convidan á reflexión a través das súas palabras e os seus silencios. Pонse en valor unha voz de muller non normativa, construída sen apelar a lugares comuns, a perspectivas ortodoxas.

Valora o xurado a enorme carga poética do texto, coa que se constrúe un retrato moi íntimo da protagonista, ao tempo que se poñen sobre a mesa grandes temas de transcendencia filosófica e social: a alienación, a moralidade social, o papel do individuo fronte á sociedade... A peza manexa unha diversidade tonal que vai da confrontación á intimidade pasando pola ironía e a desesperanza. Mediante unha linguaxe sólida, de enorme riqueza estética, a autora tece unha historia singular e lúcida que fóxe do convencional e se nos presenta coma unha construcción teatral emocionante, delicada, profundamente intelixente.

XIII premio Manuel María de literatura dramática infantil

Obra: *O carteiro de Ximaraos* (expediente MM05)

Autor: Carlos Ignacio Labraña Barrero

Importe: 6.000 euros

Puntuación obtida: 47

Concédense ao texto *O carteiro de Ximaraos* o premio Manuel María de literatura dramática infantil 2024.

O xurado, por maioría, decide propoñer *O carteiro de Ximaraos* como merecente do premio Manuel María pola súa calidade dramática, obra ben estruturada, con posibilidades de ser representada a nivel profesional; pola detallada construcción das personaxes e o emprego da linguaxe simbólica e metafórica, incluíndo elementos de realismo máxico. E valora de xeito especial a súa temática, que fala dunha situación nada doada e que viven moitas crianças, como é o feito de convivir cun familiar doente e o conflito interxeracional que os separa, dun xeito sensible, coidado e con profundidade. A importancia da memoria, a tradición e a transmisión do legado familiar están presentes na obra.

O texto presenta referencias culturais que enriquecen a narrativa, converxendo arte literaria e recurso educativo para a aprendizaxe de convivir coa enfermidade dos nosos maiores. Salienta, ademais, o xurado a súa riqueza léxica e a adaptabilidade do seu rexistro aos contextos, situacións e personaxes da peza.



XVI premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para rapaces

Obra: *Manchea* (expediente BVI19)

Autora: Andrea Cid Freire

Importe: 6.000 euros

Puntuación obtida: 51

Concéñese ao texto *Manchea* o Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques 2024, modalidade para rapaces.

O xurado decide, por unanimidade, propoñer *Manchea* como gañadora do Premio Barriga Verde na modalidade para rapaces pola capacidade do texto de xogar a desmontar os tópicos sexistas dos contos tradicionais, aproveitando o universo xa coñecido dos contos de fadas para darré a volta e reformular os papeis tradicionais a través da crítica social, buscando provocar a reflexión a través do humor, a ironía e a empatía. Destacan, así mesmo, os membros do xurado o bo ritmo narrativo e dramático da obra e a busca da implicación activa e a complicidade do público infantil.

Unha obra cunha linguaxe rica e áxil que mestura humor e elementos fantásticos, cun destacado uso da rima e a eufonía. Unha proposta estética e de montaxe orixinal e enxeñosa, ben detallada e inclusiva, que tamén pon en valor o labor dos monicrequeiros e monicrequeiras.

XVI premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade adultos

Obra: *O Faro* (expediente BVA03)

Autor: Carlos Ignacio Labraña Barrero

Importe: 6.000 euros

Puntuación obtida: 43

Concéñese o Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques 2024, modalidade adultos, ao texto *O Faro*.

O xurado decide, por maioría, propoñer *O Faro* como gañadora do Premio Barriga Verde na modalidade para adultos. Indica o xurado que *O Faro* resulta unha peza teatral profundamente evocadora, unha mostra da potencialidade da linguaxe dos monicreques para tratar temáticas duras e de alcance universal. Cunha linguaxe escénica expresiva e minimalista, a obra realiza unha reflexión atemporal sobre o papel dos individuos fronte a eventos que definen a súa existencia. *O Faro* reafirma, deste xeito, o poder do teatro como ferramenta de resistencia e de lembranza, facéndonos ver que, en ocasións, a única solución para combater as sombras é apagando a luz.

Destaca o xurado a linguaxe poética do texto, que consegue construír unha atmosfera sombría e chea de simbolismo, outorgándolle á peza unha dimensión atemporal, cunha trama está inzada de emoción, acrecentada por diálogos curtos e precisos que permiten o avance da historia de xeito fluído e sen perder a súa intensidade. O coidado da lingua, na que se alterna con habilidade un ton poético e outro más directo, que proporcionan variedade ao ritmo da obra e fan que os diálogos sexan frescos e cativadores, é outro elemento salientado polo xurado.

